Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 148. Maio 2018. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cociña e repostaría as grandes protagonistas da Festa do Melindre

Coñecido como o evento máis doce, a Festa do Melindre contará na súa vixésimo sétima edición con dous padriños de honra, os irmáns Torres, encargados de dar o pregón e de realizar un showcooking en directo. Declarada de Interese Turístico Galego dende o ano 2013, ao longo de dúas intensas xornadas serán os melindres, os ricos e os amendoados os protagonistas absolutos da vila. Esta edición vén marcada ademais por unha intensa actividade de promoción coa finalidade de abrir mercado. P18

Foto: Melide Terra Doce

Éxito total da pasarela Melide Está de Moda

A Casa da Cultura de Melide quedouse pequena para acoller ás máis de 500 persoas que asistiron á cuarta edición dun desfile que, ano a ano se consolida. P3

Volven os Días Azuis ao comercio de Melide

A campaña, que se desenvolve nos comercios da vila ata o 21 de maio, repartirá máis de 16.000 euros en premios en tarxetas de 300 e 150 euros. P5

MELIDE
Preocupación entre os comerciantes polos últimos roubos P12

COMARCA
O PSOE de Sobrado volve á alcaldía trala moción de censura P13

DEPORTE
O Melide Fútbol Sala Feminino campión da Copa Galega Cadete P21

ENTREVISTA

Emma Sanmartín, Diva Pro P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Nada que celebrar

Como cada primeiro de maio todos estamos chamados a celebrar o Día Internacional do Traballo, mais semella que cada ano que pasa hai menos que festexar –por non dicir nada– e máis que reivindicar.

Arredor do 2008 comezaban a soar con forza palabras como crise económica, destrución de emprego ou parados de longa duración. Dez anos despois a palabra que se pretende facer soar con máis forza é a de recuperación.

Pero que ninguén se deixe enganar. As estatísticas non reflicten esa tan ansiada recuperación que dende o Goberno e algúns organismos nos pretenden facer crer. Así por exemplo, segundo datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística (INE), unha terceira parte dos parados galegos levan máis de dous anos buscando traballo; ou en catro anos de "crecemento" só se recuperaron o 43% dos empregos destruídos durante a crise, é dicir, nin a metade. Abonda con dous exemplos para dicir que a recuperación real aínda queda moi lonxe.

E non só iso. Ao problema do desemprego hai que sumar outro aínda peor: a precariedade laboral actual. Créanse postos de traballo, pero en peores condicións e con salarios máis baixos. A desigualdade entre os beneficios empresariais e o crecemento dos salarios é abismal. Por non mencionar que todo volve a orientarse ao ámbito do turismo (é dicir a hostalería) e á construción. Vemos como se están a encarecer de novo os prezos de aluguer e vivenda ata límites inaccesibles para a maioría dos soldos actuais. A sensación é de volta a empezar e de non aprender nada coa crise. E aínda encima, estamos suxeitos a unha reforma laboral impulsada polo PP fundamentada en dous piares básicos: a temporalidade no emprego e menos dereitos. A consecuencia? Máis xente pobre e maior índice de desigualdade que antes da crise.

E ante isto, que fan os sindicatos? Ou máis ben poderiamos preguntar "onde están os sindicatos?" Xunto a miles de persoas en todo o país saíron á rúa o 1 de maio para reivindicar a recuperación dos dereitos laborais, emprego de calidade, salarios máis altos e pensións dignas. Cumpriron o seu papel. Non obstante, a percepción nos últimos anos é a de que están a perder forza en favor dos movementos sociais.

Urxe reinventar a forma de loita polos dereitos. Estamos a ver cada vez máis casos de traballadores que cos seus propios movementos ou reivindicacións acadan solucións de éxito cunha menor presenza e mediación dos sindicatos. Cada primeiro de maio queda patente a necesidade de buscar solucións ao modelo laboral actual, e ninguén discute o importante papel que xogan os sindicatos, mais para defender aos traballadores nos tempos actuais é necesario un profundo cambio na súa forma de actuar. Hai que revitalizar o sector sindical, ou de seguir así continuaremos saíndo á rúa cada primeiro de maio co mesmo lema: nada que celebrar.

Tribuna de opinión

Maio: melindres e cultura

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Moitos coñecemos o mes de maio como o mes das flores, pero se por algo é coñecido en Melide é pola celebración da Festa do Melindre. Miles de persoas achéganse ata o municipio para degustar os tres doces típicos elaborados polos artesáns do pobo: os melindres, ricos e amendoados, que co paso do tempo acabaron por converterse nun dos maiores signos de identidade da nosa vila.

Trátase dun evento consolidado que este ano cumpre 27 anos e que sirve de escaparate para amosar o mellor da nosa gastronomía e cultura ao longo de dous intensos días, repletos de actividades paralelas. Con isto non é de estrañar que reciba o máximo apoio do Concello de Melide, principal organizador desta actividade en colaboración cos artesáns.

Non obstante, dende hai anos o mes de maio en Melide tamén é coñecido por outros motivos. Puntualmente cada 2 de maio o Museo da Terra de Melide volve a abrir as súas portas tras permanecer catro meses pechado por falta de financiamento e apoio económico.

Ao igual que ocorre coa madurez da Festa do Melindre, tamén o Museo da Terra de Melide é unha institución que medrou ano tras ano ata consolidarse, e que neste 2018 cumpre 40 anos, pero que sen embargo non conta con ningún apoio por parte do Concello. Aspecto que aínda chama máis a atención se temos en conta que alberga a oficina de turismo de Melide.

Gastronomía e patrimonio deberían ser apoiados por igual, pois todo pertence ao pobo e todo nos define. Din que "somos o que comemos" e que "para saber a onde imos hai que saber de onde vimos". En Melide dispoñemos dunha gran riqueza tanto cultural como gastronómica; sexamos entón promotores do que nos distingue... a partes iguais.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Manuel Broz Rei, Rafa Gaioso
AGRADECEMENTOS: Pilar López López, Yolanda Pampín, Rubén Sánchez
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Melide está de moda máis que nunca

Éxito total da cuarta edición da pasarela impulsada por Asetem na que o comercio local amosou as súas tendencias ante máis de 500 persoas

Eva Iglesias presentou e actuou na gala ao mesmo tempo que luciu diferentes modelos do comercio local

Coa emoción a flor de pel. Así podería describirse a última edición da pasarela Melide Está de Moda. Había nervios, había ilusión, e tamén certa tensión por medo a que non todo saíse perfecto. Din que a cara é o espello da alma, e na faciana dos e das modelos, das responsables de cada tenda, dos organizadores e de todos e cada un dos colaboradores, apreciábase o reflexo desa inquedanza propia antes de saír a desfilar. Pero todo saíu ben. O premio a tanto traballo e esforzo non puido ser outro máis que unha pasarela de dez repleta de grandes momentos, diversión, música e, por suposto, moda.

E é que de moda se trataba. As tendencias do comercio melidense para esta primavera-verán subiron ao escenario da Casa da Cultura de Melide da man de máis de medio cento de modelos de todas as idades. Unha Casa da Cultura completamente ateigada que se quedou pequena para acoller ás máis de 500 persoas que asistiron como público.

Pasadas as seis da tarde, cuns quince minutos de retraso, deu comezo a pasarela dando paso así a un dos momentos máis agardados, a presenza sobre o escenario da actriz e cantante galega Eva Iglesias, encargada de conducir a gala. A continuación, e ante os centos de persoas expectantes, comezaron a saír os modelos coas mellores galas de cada establecemento que nesta ocasión, entre participantes e colaboradores, foron un total de quince.

Comezaron os máis pequenos amosando as propostas en roupa, calzado, comuñón e festa, para dar paso aos adultos e ás diferentes coleccións de diario e festa. Como vén sendo habitual os máis cativos conquistaron ao público coa súa simpatía e naturalidade, arrincando numerosas ovacións.

Durante algo máis de dúas horas o público asistente puido comprobar de primeira man cales están a ser as últimas tendencias tanto en roupa infantil como para adultos, ademais de gozar coas actuacións de Eva Iglesias, que interpretou tres temas durante o transcurso da pasarela. Xunto cos máis pequenos, a cantante foi a outra gran ovacionada da tarde.

Pola súa parte, a posta en escena resultou nesta ocasión un pouco máis dinámica grazas a unha breve descrición de cada tenda e colección antes de saír ao escenario, e polo acompañamento musical da man dun gran profesional do sector como foi La Gramola Discotecas Móviles. A maiores, a Floristería Tarrío e o Restaurante Marisquería San Roque foron os encargados de que a Casa da Cultura resplandecese cun ambiente acolledor e relaxado con matices elegantes e florais.

Dende Asetem, entidade encargada de organizar a pasarela xunto coa empresa Studioklec, non dubidaron en apoiar a iniciativa coa presenza do seu presidente, Manuel Vázquez, ao igual que dende a Xunta de Galicia, coa presenza da directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal. Tamén acudiu ao desfile a alcaldesa de Melide, Dalia García, acompañada de varios membros do seu goberno.

Rematada a cuarta edición e visto o éxito acadado, dende Asetem xa traballan na organización da pasarela de outono. O obxectivo, sorprender unha vez máis a todos os presentes.

TENDENCIAS, MODA, MÚSICA E ATA UN SORTEO

Outro dos momentos máis agardados foi o sorteo realizado ao final do desfile. Un vale para realizar unha manicura semipermanente con tratamento de parafina, grazas á colaboración de Diva Pro Hair & Beauty. As mans inocentes de dous nenos foron as responsables de sacar un número, mentres que Emma Sanmartín, de Diva Pro, a encargada de entregar o agasallo. A cuarta edición da pasarela Melide Está de Moda contou coa colaboración da Rede de Dinamización Comercial da Xunta de Galicia e do Concello de Melide; mentres que as tendas que desfilaron foron: Colorín Colorado, Mis Mejores Labores, Sueños, M&M, Sisuka, Tu Boutik, Stardemoda, Medusa Shop, Pasarela, Óptica Melide e Óptica Tábora. Entre os obxectivos, amosar as tendencias do comercio local asociado melidense a través dunha iniciativa diferente e amena, ao mesmo que se dinamiza a vila.

Cheo absoluto da Casa da Cultura durante o desfile

MEM

MELIDE ESTÁ DE MODA

A PASARELA EN IMAXES

2018

Colorín Colorado

Mis Mejores Labores

Sueños

M&M comuñón e cerimonia

Sisuka con lentes de Óptica Tábora

Tu Boutik con lentes de Óptica Melide

Stardemoda

Medusa Shop

M&M

Pasarela festa e comuñón

Sisuka festa

Tu Boutik festa

EMPRENDEDORES

F. GÓMEZ E CÍA., S.L. *(Lg. A Mina, s/n, Touro - A Coruña)*

Case 60 anos de traballo e un cadro de persoal de máis de 160 empregados

F. Gómez e Cía. S.L. é unha empresa galega de orixe familiar. Dende o seu inicio en 1890, e ata hoxe, é unha empresa continuadora dunha tradición no ámbito da construción e das obras públicas de máis dun século. Recentemente asociada a Asetem, falamos cos seus responsables para coñecer un pouco máis sobre a súa historia e os traballos que desenvolven.

Foto aérea da canteira de Melide que pasa a explotar F. Gómez e Cía. S.L.

Como xurdiu.- "Foi constituída como empresa no ano 1958 e, avalada pola súa extensa experiencia, xa como sociedade executou diversas obras, principalmente en estradas. Desta maneira deu comezo unha etapa de desenvolvemento empresarial que este ano celebra o seu 60 aniversario. Dende a súa orixe, a empresa foi consciente da importancia da profesionalidade e da disposición de medios propios para conseguir un bo rendemento e calidade na execución das obras, conseguindo así un crecemento sólido e sostible. Ademais, nun afán de mellora produtiva realizouse un notable esforzo inversor, tanto en maquinaria como en medios auxiliares, incorporando ao parque as últimas novidades do mercado en cada época, mellorando tanto en eficiencia como en capacidade produtiva".

Cales son as súas áreas de actuación.- "As áreas de actuación da compañía van dende a execución de obra civil, urbanización e edificación, obras de rexeneración medioambiental, ata a conservación e explotación de vías, pasando pola extracción de áridos nas diferentes canteiras propiedade da empresa e a fabricación de formigóns bituminosos coas súas propias plantas. A empresa dispón ademais dunha completa infraestrutura en varios centros de produción. A sede central está no concello de Touro, onde se atopa situada a canteira de Touro, ademais de varias plantas destinadas a traballos específicos e os talleres onde se realiza a reparación e o mantemento de toda a maquinaria da empresa. Así mesmo, F. Gómez e Cía S.L. conta tamén con centros de produción en As Somozas, As Pontes de García Rodríguez, Pol (Lugo), e coas recentes incorporacións dos centros de Melide e Santiago de Compostela".

Que tipo de traballos realizan.- "Dende obra civil, edificación, zonas de concentración parcelaria, parques eólicos, obras de rexeneración medioambiental, obras aeroportuarias, instalacións industriais, autopistas, pontes, etc. Esta empresa executa hoxe todo tipo de obras e diversifica as súas actividades cara: Proxectos; Execución de todo tipo de obras; Fabricación de áridos e mesturas asfálticas; Conservación, explotación e concesión de estradas".

Cal é o seu ámbito de traballo.- "Somos unha empresa fortemente implantada en Galicia, e ao longo de todo este tempo foise diversificando a contratación de tal xeito que na actualidade a carteira de obras abarca diferentes entes da Administración Central, Autonómica, e local, así como empresas públicas e privadas. Ademais, por encima de todo en F. Gómez e Cía S.L. temos claro que o compromiso coa calidade, o respecto polo medio ambiente e a responsabilidade social foron unha constante ao longo de toda a traxectoria profesional da empresa".

A cantas persoas empregan.- "Durante o año 2017 F. Gómez e Cía S.L. contou cun cadro de persoal medio de 165 traballadores. As persoas que forman parte do noso equipo de traballo son as depositarias dos coñecementos, posibilidades e talento desta empresa, sendo, por tanto, o factor determinante do noso crecemento".

O tecido empresarial de Melide xa conta co seu propio documental

Empresarios e veciños de Melide asistiron o pasado 15 de abril na Casa da Cultura á estrea do documental *Melide en boas mans. Crónica dunha vila emprendedora*. A peza, elaborada pola produtora Xurdir, resume en algo máis dunha hora de duración o bo facer do tecido empresarial da vila, amosando os inicios e o día a día das máis de 30 empresas participantes.

O presidente de Asetem tomou a palabra durante a presentación

O acto estivo conducido pola alcaldesa de Melide, Dalia García, e nel participaron a conselleira de Medio Rural, Ánxeles Vázquez; o presidente de Asetem, Manuel Vázquez; e o director xeral de Clun, José Luis Antuña.

Durante a súa intervención, o presidente dos empresarios lembrou a importancia de "colaborar e camiñar todos xuntos nunha mesma dirección para un mellor desenvolvemento socioeconómico da comarca". Así mesmo, tivo palabras de agradecemento para todos e cada un dos empresarios que "co seu traballo e esforzo contribúen a crear emprego e riqueza no municipio".

Pola súa banda, a conselleira de Medio Rural destacou "o peso que ten o tecido económico rural desta vila coruñesa e a súa repercusión noutros eidos produtivos". Ánxeles Vázquez subliñou "a necesidade de seguir apostando por un rural vivo e con diversidade de oportunidades, que o fagan atractivo para os máis novos".

Finalmente, o director xeral de Clun retou a Melide e ao seu tecido empresarial a seguir traballando como ata o de agora incidindo en que "da man das persoas traballadoras os proxectos sempre saen adiante".

Melide en boas mans xa pode verse en liña na páxina web de Asetem. O documental forma parte dunha serie de pezas realizadas pola produtora Xurdir entres as que tamén se atopan *Arzúa Sabe* (Arzúa), ou *Novos Tempos* (Touro).

Volven os Días Azuis a Melide

A campaña de promoción Días Azuis do Comercio Galego, presentada o pasado 2 de maio, desenvolverase nos establecementos asociados a Asetem ata o 21 de maio. Nesta ocasión sortearanse un total de 16.200 euros en premios, repartidos en 80 tarxetas prepago de Abanca de 300 e 150 euros, e que terán que volver a ser investidos en compras no comercio local. Os consumidores que desexen participar na campaña deben rexistrar a súa compra en www.diasazuis.com a través de calquera dispositivo electrónico. Neste senso, tamén lle poden pedir ao comerciante que rexistre a compra a través de www.diasazuis.com/comercios. O sorteo ante notario dos premios celebrarase o 25 de maio e a entrega dos mesmos terá lugar nun acto en Santiago de Compostela na primeira semana de xuño. A campaña lévase a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, Abanca e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de Galicia. Na edición do ano pasado recaeron no comercio de Melide dous premios.

Acto de entrega dos premios na última edición dos Días Azuis

SUBVENCIÓNS

PROGRAMA A PROL DA CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DAS PERSOAS MOZAS CONVOCATORIA PARA O ANO 2018 (DOG 72 DO 13/04/2018)

Estas axudas están dirixidas a facilitar a inserción laboral das persoas mozas menores de 30 anos desempregadas e favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade.

Tipos de axuda:

.- BONO DE CONTRATACIÓN. Subvención para os contratos celebrados con persoas desempregadas menores de 30 anos.

Serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 16/12/2017 ata o 30/09/2018.
A contratación deberá ter unha duración mínima de 12 meses, a xornada completa ou parcial, cunha xornada mínima neste último caso do 50% da xornada completa prevista en convenio colectivo ou da xornada máxima legal.
Con esta contratación ten que incrementarse o emprego neto da empresa con respecto aos tres meses anteriores.
Contía dos incentivos: dende 5.000 euros por cada persoas desempregada, contratada a xornada completa. Esta contía podería incrementarse en determinados casos, podendo chegar ata 8.000 euros de axuda, por traballador a xornada completa.

.- BONO DE FORMACIÓN (opcional), dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co traballo.

A acción formativa deberá ter un mínimo de 50 horas de formación teórica, ás que asista integramente a persoa traballadora; e terá lugar dentro dos 3 primeiros meses de contratación, e como máximo ata o 15/12/2018. No caso de contratos realizados ata o 13/04/2018, a actividade formativa levarase a cabo antes do 13 /07/2018.
Contía: Esta formación incentivarase con unha axuda de 2.000 euros, por cada persoa contratada que a reciba na súa integridade.
Entidades beneficiarias: Persoas autónomas e empresas, calquera que sexa a forma xurídica (incluídas sociedades civís e comunidades de bens).

Prazos de solicitude:
.- As solicitudes das axudas polas contratacións realizadas entre o 16/12/2017 e o 13/04/2018, terán de prazo de presentación ata o 13/06/2018.
.- As solicitudes das axudas polas contratacións realizadas a partir do 14/04/2018, terán de prazo de presentación 2 meses dende a data de inicio do contrato, e co máximo, en todo caso ata o 30/09/2018.

Información elaborada por CC Xestión
R/Florentino L. Cuevillas, 2 baixo (Melide)
Tlf.: 881 973 307 - info@ccxestion.com

POR SER DE XUSTIZA

A tutela dos incapaces

Eva Novás
Avogada

A lei prevé que as persoas que padezan enfermidades ou deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico, que lles impidan gobernarse por si mesmas, poidan ser incapacitadas para poder protexelas, tanto no ámbito persoal e de coidados como no patrimonial. A declaración de incapacidade é sempre unha declaración xudicial que só se dita cando concorren e se acreditan debidamente as causas, como é lóxico, por tratarse dunha limitación tan grande na autonomía de calquera persoa.

A declaración de incapacidade debe ir seguida da determinación da persoa ou da entidade que asumirá a garda e a protección do incapaz, podendo tratarse dun titor, un curador ou un defensor xudicial.

No caso do titor, as súas funcións constitúen un deber que deberá desempeñar velando sempre polo interese da persoa tutelada e coa supervisión da autoridade xudicial. Non só os incapacitados poden quedar suxeitos a tutela, tamén o están os menores de idade non emancipados que non estean baixo a patria potestade ou os menores que se atopen en situación de desamparo, así como aqueles que teñan a patria potestade prorrogada.

Tanto a incapacidade como as resolucións sobre nomeamento de titor deben inscribirse no Rexistro Civil. Por iso é moi importante saber que os pais poden, tanto no seu testamento como nun documento notarial, dispoñer o necesario para o nomeamento de titores que garden e coiden aos fillos menores ou incapacitados, así como para que actúen como administradores legais do patrimonio que lles corresponda. Esta función pode recaer nun so titor ou en varios que actúen de forma conxunta.

Do mesmo xeito, calquera persoa que se atope con plenas facultades e capacidade de obrar, se prevé que no futuro pode ser incapacitada (por exemplo, ante o diagnóstico dunha enfermidade dexenerativa) pode adoptar mediante documento notarial todo tipo de disposicións relativas á súa propia persoa ou bens, incluída a designación de aquel que desexa que sexa o seu titor. Nestes casos, o notario comunicará estes documentos ó Rexistro Civil.

Durante o exercicio do cargo de titor, existen determinados actos que requiren autorización xudicial. E o titor poderá percibir unha retribución pola súa labor, sempre que o patrimonio do tutelado o permita.

Para o nomeamento para o cargo de titor, prevalecerá a vontade da propia persoa que vai ser tutelada, se fixo a designación por ela mesma cando estaba en pleno uso das súas facultades. Considérase sempre máis adecuado aquel que estea disposto a convivir co tutelado e a integralo na súa propia familia. A falta de designación, a orde que sigue a lei comeza con preferencia polo cónxuxe do tutelado, seguido dos pais, da persoa que os pais designen para o fillo en últimas vontades e, finalmente, os descendentes, ascendentes ou irmáns que o xuíz designe. Por suposto, pódese prescindir desta orde se existe unha persoa máis idónea para o tutelado, aínda que sexa allea á súa familia.

Por último, é convinte lembrar que os pais, do mesmo xeito que poden nomear un titor para os seus fillos, tamén poden excluír de forma expresamente a determinadas persoas para esta función, se consideran que a súa conduta non é a adecuada ou ben que teñen intereses persoais e económicos contrapostos aos do tutelado.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

marmolería melide

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

ESTAMOS EN:

Parque Empresarial La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

Limpiezas Mary Buján S.L.

· Trabajos a empresas y particulares
· Comunidades · Garajes · Oficinas
· Limpieza de cristales y domicilios
· Limpieza fin de obra

Tfns.: 981 507 395 / 687 042 003 - Melide (A Coruña)

Anúnciate no

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

Cerne

981 50 61 88

CUIDE A SU CLIENTE, EVITE SANCIONES.

- ✓ Control de plagas
- ✓ Formación Manipulación Alimentos
- ✓ Campaña 2017 de Legionella
- ✓ Gestión de alérgenos
- ✓ APPCC

Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
www.plagostel.com

698 179 968

Eva Iglesias, no comercio de Melide

A cantante galega, imaxe actual de Asetem, visitou varios establecementos asociados co obxectivo de promover a actividade do comercio local

A actriz e cantante galega Eva Iglesias visitou hai uns días diferentes establecementos da vila de Melide asociados a Asetem. De primeira man puido comprobar a actividade que desenvolven e a gran variedade de produtos que se poden atopar nas distintas tendas que forman parte deste Centro Comercial Aberto. Dende o Cerne mantivemos unha pequena charla con ela para coñecela un pouquiño máis e intercambiar opinións sobre o comercio de Melide, do cal é imaxe actualmente.

- Despois desta primeira toma de contacto, que destacaría do comercio de proximidade?
- Eva Iglesias (E.I.): A boa impresión que me causou e sobre todo o sorriso e o trato amable e próximo co que me recibiron todos e cada un dos responsables dos establecementos.

- Que vantaxes destacaría vostede do comercio local?
- E.I.: É o que sempre dicimos todos, pero é a verdade. Esa proximidade e ese trato que teñen co cliente e que che inspira total confianza. Ademais, saes a dar un paseo e con tantas pequenas tendas será difícil non atopar o que buscas. A iso hai que engadirlle que non tes que desprazarte lonxe da túa vila a comprar, porque dando un paseo polo pobo podes facer todo tipo de compras sen problema, e tamén estou segura de que resolven todas as túas dúbidas ata que o cliente queda satisfeito.

- Sendo a súa imaxe, en que cre que se asemella o comercio de Melide a vostede?
- E.I.: Pois diría que na enerxía e vitalidade que desprenden. Eu xa son de sorrir, pero percibín iso mesmo en cada comercio que visitei, esa actitude positiva que manteñen dende que abren a súa tenda ata que pechan.

- Como dinamizaría vostede o pequeno comercio?
- E.I.: Penso que todo tipo de iniciativas para promover e dar a coñecer o comercio local son benvidas sempre. No caso de Asetem por exemplo, creo que xa se fan numerosas actividades e campañas para potencialo. E o feito de abrir os domingos, tal e como ocorre en Melide, favorece aínda moito máis a súa dinamización. En poucas vilas podemos ir a mercar un domingo como se dun luns ou un martes se tratase, e iso é de agradecer a cada un dos traballadores do pequeno comercio.

Eva Iglesias durante a súa visita aos comercios de Melide

ROCÍO BARREIRO VARELA "ZAFIRO TOURS"

(Rúa do Convento, nº 6, Melide)

"Buscamos a opción máis económica en cada viaxe e sen que o cliente se preocupe por nada"

En marzo cumpriu o seu primeiro aniversario, pero o coñecemento do sector xa viña de tempo atrás. Despois de traballar en varios hoteis probou nunha axencia de viaxes e, foi tan boa a experiencia, que se decidiu a emprender. Agora, conta coa súa propia oficina - Zafiro Tours- en Melide.

Rocío Barreiro nas oficinas da súa axencia de viaxes en Melide

- Foi fácil emprender?
- Rocío Barreiro (R.B.): Non. Tomar a decisión nunca é fácil, pero ao ser unha franquía a verdade é que me axudaron bastante. Non foi como se tivese que montar todo dende cero. Diría que foi un pouco máis doado no aspecto de que contas con varios departamentos aos que solicitar asesoramento segundo o necesites. Pero tomar a iniciativa nunca é fácil.

- Que balance fai deste primeiro ano?
- R.B.: En xeral bastante ben. É certo que o inverno sempre é máis frouxo, pero durante o verán, e sobre todo a partir de maio que é cando comeza a temporada de vacacións e ata outubro, moito mellor. Polo demais, en pobos pequenos como pode ser o de Melide hai que ir introducindo pouco a pouco a idea de viaxar fóra de temporada.

- Que tipo de viaxes atopamos en Zafiro Tours?
- R.B.: Dedicámonos a todo tipo de viaxes. Por exemplo en grupo para escolares, estudantes, para empresas, etc. Tamén traballamos para organismos públicos, organizamos lúas de mel, viaxes de verán e tamén do Imserso. A maiores tamén contamos con tarxetas regalo, por se ti queres agasallar cunha viaxe ou cun importe concreto para unha viaxe a escoller. E agora estou ultimando a maiores un servizo de excursións orientado a peregrinos, ben sexa para coñecer Santiago ou calquera outra cidade galega e tamén cumprimentado coa gastronomía, para que coñezan a cultura e a gastronomía de Galicia. En resumo, o noso traballo é planificar unha viaxe sen que o cliente se preocupe absolutamente por nada e sempre mirando a mellor opción económica posible.

- Algunha oferta a destacar?
- R.B.: As ofertas adoitan saír sobre todo para ao Caribe, e despois tamén para Madeira e as Azores, e sobre todo de cara ao verán. Agora mesmo por exemplo hai unha oferta para a ponte de maio das Letras Galegas por 389 euros ás Azores. Outros destinos que acostuman a ter varias ofertas son Portugal, sobre todo para o Algarve e, de vez en cando van saíndo para cruceiros.

- Cando adoita viaxar a xente?
- R.B.: Depende dos sitios, pero aquí sobre todo a partir de maio.

- E coincide coa mellor época para viaxar?
- R.B.: Non, para nada. A mellor época para viaxar é no inverno, que todo está máis barato, excepto a destinos de sol, como o Caribe por exemplo, que se pon bastante máis caro no inverno que no verán.

- Cal é o destino por excelencia?
- R.B.: As Canarias sen dúbida, e tamén Baleares. E logo xa a nivel internacional as cidades europeas típicas, como por exemplo París, Roma, Berlín, Londres etc. E agora parece que pouco a pouco tamén se vai introducindo o Caribe.

- Pode viaxar calquera?
- R.B.: Hai destinos máis caros e outros máis baratos, pero si que pode viaxar calquera se se ten unha previsión axeitada claro. Tes que saber que presuposto manexas e a onde queres ir e, organizándote ben, si que podes viaxar.

- Con canto tempo de antelación debemos planificar unha viaxe?
- R.B.: Depende do destino, pero normalmente se a principios de ano xa sabes cando vas a ter as vacacións, podes ir empezando a mirar. E aínda que non o compres, se che interesa algo xa podes comparar prezos e mesmo reservar, sobre todo para familias, porque son as habitacións que antes se esgotan. Ademais, a comezos de ano é cando saen algunhas das mellores ofertas tanto para o verán como para a semana santa.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

SABER DE LEI

Non é non!

E&M AVOGADOS

Estes últimos días estamos a escoitar falar en todos os medios de comunicación e na rúa dunha sentenza emitida pola Audiencia Provincial de Navarra, a coñecida "sentenza da manada". Tal foi o balbordo causado pola mesma que houbo numerosas manifestacións na súa repulsa en todas as cidades do país e en numerosos pobos. Unha sentenza que puxo en xaque unha vez máis ao ordenamento xurídico.

Cinco rapaces nos *San Fermines* de 2016 mantiveron relacións sexuais en grupo cunha rapaza de 18 anos. Ela denunciou ditas relacións sexuais como unha agresión sexual, xa que considerou que houbo violación, mentres que os cinco mozos sevillanos mantiveron sempre que foron relacións consentidas, pero levan case dous anos en cadea provisional á espera de sentenza. O pasado 26 de abril a Audiencia Provincial de Navarra emitiu o fallo da mesma, condenándoos a 9 anos de cadea por un delito de abusos sexuais agravados, e non como un delito de agresión sexual como ben pedía a fiscalía e unha gran parte da cidadanía.

Pero cal é a diferenza entre un delito e o outro? Principalmente a pena.

O delito de agresión sexual daríase cando unha persoa ou varias acceden ao corpo doutra para practicar unha actividade explicitamente sexual, sen consentimento e con violencia. Neste delito é onde se contempla a violación (art.179 C.P): "cando a agresión sexual consista no aceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas vías, o responsable será castigado como reo de violación" cunha pena de 6 a 12 anos.

Por outra parte, o delito por abusos sexuais (delito polo que foron condenados neste caso), ten unha pena de 4 a 10 anos de prisión. Dito delito consiste en acceder ao corpo doutra persoa sen consentimento e sen violencia.

A fiscalía pedía 20 anos para cada un dos cinco mozos andaluces por un delito continuado de agresión sexual. Pero finalmente o veredicto exímeos de tal delito, considerando que non se puido probar nin violencia nin intimidación, e condénaos por un delito de abusos sexuais agravados.

Este fallo do tribunal parece ser inxusto para ambas partes. Mentres a parte denunciante se mostra en desconformidade considerando que o que se denuncia non é ese delito senón o de agresión sexual, a defensa mantén a inocencia dos mesmos e mostra desconformidade coa sentenza, xa que pide que sexan absoltos.

Chama notablemente a atención o feito de que na sentenza se recoñece que a denunciante reaccionou á práctica sexual dun modo intuitivo, tendo un embotamento das súas facultades de raciocinio que desencadearon unha reacción de desconexión e disociación da realidade que fixo que adoptase unha actitude de sometemento e pasividade, determinándolle a facer o que os procesados lle dicían que fixera, mantendo diario os ollos pechados, sen mostrar benestar, nin comodidade algunha. Isto maniféstano debido a unha proba documental existente, un vídeo que os propios condenados gravaron mentres cometían o delito. O Tribunal tamén eloxia na sentenza o traballo dos peritos forenses, os que determinan que a vítima sofre estrés postraumático. A pesar de todo isto, recoñecen os propios maxistrados na sentenza, non consideran que a denunciante fose vítima de violación.

Dende logo, este tema abre un debate social que vai máis aló do ordenamento xurídico, o cal ten moitos puntos fracos que deben ser corrixidos nun futuro inmediato para que sentenzas como estas fundamentadas en dereito non teñan cabida.

Pero para reformalo hai que abrir un debate social sobre o consentimento, sobre o famoso "non é non", e dende logo a modificación lexislativa debe atender as necesidades e dereitos fundamentais da muller. Pero para un cambio normativo ten que darse un cambio de mentalidade, un cambio social. Probablemente os acusados, e actualmente condenados, debido á sociedade machista e patriarcal na que vivimos e na que fomos educados, consideren que foron prácticas sexuais consentidas e prácticas que entran dentro do normal, debido á actitude de superioridade que durante miles de anos o sexo masculino vén sentindo sobre o feminino.

Ate o de agora parecía que non era necesario abrir debate sobre isto, pero non se pode esperar máis. Miles de mulleres denuncian cada día unha agresión sexual. Estamos expostas diariamente a sufrir un delito sexual. Imos con medo ao ir solas para a casa, ao entrar no portal, medo a querer parar unha relación sexual xa iniciada, medo a pasar soa por diante dun grupo de homes e apresurar o paso, medo de dicir non por se nos matan, medo de denunciar polo que dirán, polo se nos crerán, por se non son condenados e os teremos que volver a atopar, a eles ou a outros. Temos medo a vivir.

Dende logo necesitamos un amparo legal e tamén social, e esperemos que esta sentenza, a cal xa anunciou a Fiscalía que será recorrida en apelación ante a Sala Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra, o veredicto que emita sexa diferente, para que sexa xusto e sirva de precedente e as mulleres poidamos vivir sen ese medo tan inxustamente asumido e interiorizado.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282
671 833 425

Estudantes do Xoaquín Loriga visitan Dairylac para aprender cooperativismo

Técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA), veñen impartindo unha serie de talleres nas instalacións de Dairylac en Melide. O último deles foi un obradoiro de divulgación da economía social como opción de futuro profesional rendible e estable, e nel participaron 23 estudantes do terceiro ciclo de primaria do colexio Xoaquín Loriga de Lalín. Entre as vantaxes do modelo cooperativo que se lles explicaron aos estudantes destacan a toma democrática de decisións, o reparto equitativo de beneficios e a diminución do risco de emprendemento. Ademais, persoal de Dairylac amosoulles aos participantes como se organiza a loxística na fábrica, como se trata o leite para facelo apto para o consumo e como se producen os queixos. Finalmente, os estudantes puideron probar varias mostras dos diferentes tipos de queixo e leite que se procesan en Dairylac.

Rede Eusumo

Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo; unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Sport Moda estrea local en Arzúa

A tenda de deportes Sport Moda cambia de local e estrea novas instalacións no veciño municipio de Arzúa. A partir de agora, ademais de en Melide (Cantón de San Roque, 38), estarán presentes na Rúa de Lugo número 24 (Arzúa).

Os socialistas denuncian o "mal mantemento" da piscina municipal

Segundo explicou o voceiro do PSdeG-PSOE, José Prado, "os socialistas estamos recibindo as queixas dos usuarios da piscina municipal de Melide polo mal mantemento que se está facendo do complexo deportivo". Entre as queixas recollidas, "máquinas do ximnasio que non funcionan ou a sauna de mulleres e a de homes con avarías constantes que levan máis dun mes sen funcionar; humidades preto de instalacións eléctricas que xa orixinaron algún susto aos usuarios, goteiras, fallos habituais no sistema de climatización, alumeado que non funciona, retirada do papel para limpar o suor das máquinas e, ante todo isto, a pasividade absoluta do goberno do PP".

Dende o PSOE salientaron que "o Concello destina anualmente máis de 75.000 euros de

todos os melidenses para que se xestionen correctamente as instalacións e se presten adecuadamente os servizos, cousa que non se está a facer".

Ante esta situación, a través dun escrito presentado no Concello o grupo socialista esixiu que o Goberno local "non faga o deixamento de funcións ao que nos ten acostumados e que obrigue a cumprir coa correcta xestión dun servizo público, requirindo á empresa concesionaria a resolver todas as deficiencias".

Por outra banda, son varios os usuarios que se queixaron da temperatura da auga da piscina climatizada indicando que "sempre está fría", motivo polo cal algúns pais xa optaron por levar aos seus fillos ás piscinas de municipios veciños como pode ser o de Arzúa.

Unha vertedura de xurro no río Furelos afecta a un treito de case 4 km

Tras ser alertados por varios pescadores, dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide denunciaron ante o Servizo de Conservación da Natureza e Augas de Galicia unha vertedura de xurro que se produciu o pasado mes de abril no río Furelos. Segundo explicaron, "dende a pasarela de Guillar ata a Ponte Mazaira (case catro quilómetros), o río Furelos baixaba completamente atoldado pola delituosa acción dun desaprehensivo que verteu nel unha importante cantidade de zurro". Ao pouco de denunciar o sucedido os gardas presentáronse no lugar dos feitos e puideron constatar a gravidade da vertedura, procedendo á redacción dun informe.

Dende o colectivo de troiteiros reiteraron o seu "compromiso de denunciar calquera tipo de práctica que atente contra a saúde e conservación do noso medio, por iso presentaremos a correspondente denuncia no cuartel da Garda Civil para que faga as pescudas que consideren oportunas a fin de esclarecer os feitos e actuar en consecuencia", sinalaron.

A vertedura de xurro chegou a distintos puntos do Furelos como As Mazairas, O Freixo ou a presa de Bande

Colaboración dos veciños

O Concello de Melide saíu ao paso desta última vertedura no río Furelos a través dun comunicado mediante o cal quixo aclarar a súa postura e pedir a colaboración dos veciños para denunciar este tipo de prácticas. "Unha vez máis", explicaron, "dende o Concello de Melide denunciamos este tipo de actitudes e rexeitamos que atenten contra o benestar dos cauces fluviais e do noso río; e instamos a que calquera veciño que poida ter información sobre este tipo de condutas se achegue ao Concello de Melide para comunicárnolo e poder dende a administración local actuar en consecuencia e detectar o responsable ou responsables deste feito".

Así mesmo, dende o Concello quixeron deixar claro que se tratou dun feito puntual cunha rápida actuación por parte das autoridades. "Segundo se puido constatar dende o Concello de Melide a vertedura foi puntual e indeterminada, e non houbo dilación por parte das autoridades medio ambientais en recoller evidencias e en desprazarse ata o lugar dos feitos; pero lamentablemente non hai probas concluíntes que poidan detectar a culpabilidade dos feitos e a posible concentración da vertedura".

Primeiro premio para os alumnos do IES de Melide no congreso *Aliméntate Ben*

O alumnado de primeiro da ESO do IES de Melide fíxose co primeiro premio do congreso *Aliméntate Ben*, unha iniciativa da Xunta de Galicia dirixida aos centros de ensino secundario e de formación profesional que tiña como obxectivo inculcar entre os mozos uns bos hábitos alimenticios. O proxecto presentado consistiu nunha produción cinematográfica que leva por título *5 Nutriconsellos para un almorzo saudable*. Durante a súa elaboración o alumnado tivo que documentarse e investigar "sobre diferentes temas relacionados cos hábitos saudables en xeral e sobre a alimentación en particular". Para o deseño das secuencias e escenas da película fixéronse "actividades relacionadas coa análise das dietas doutros países, actividades de información nutricional do etiquetado de alimentos, de como atender os reclamos publicitarios, da necesidade de ir máis aos mercados 'de toda a vida', de ser coherentes co noso organismo deseñado para moverse, e de como evitar as enfermidades relacionadas co sobrepeso e a obesidade". O premio concedido, 2.500 €, empregarase en financiar as actividades do proxecto que se está a desenvolver no centro. Ademais, os gañadores gozarán dun día de divertimento no parque acuático de Cerceda.

Por outra parte, é de destacar o primeiro posto acadado por Mariña Ferreiro, alumna de 2º de Bacharelato, que resultou gañadora da Olimpíada de Tradución de Galicia organizada pola Sociedade Española de Estudos Clásicos (SEEC).

FOTODENUNCIA

A campaña de concienciación "O que se enchufa, recíclase" pasou por Melide para sensibilizar sobre a importancia que ten a correcta xestión dos residuos e aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE). Mais se ve que o que non se enchufa non fai falla reciclalo; ou polo menos iso é o que acontece moi preto do centro da vila, onde o noso escaso civismo levou a crear un punto de almacenaxe de cascallos e desperdicios ao aire libre, concretamente na rúa Emilia Pardo Bazán. Vidro, botellas de plástico, restos de obra e demais refugallos é o que podemos atopar nesta pequena parcela situada ao carón mesmo da beirarrúa. Un pequeno vertedoiro que ata o propio Google Maps recolle en imaxes.

A Garda Civil investiga varios roubos nos comercios da vila

Nas últimas semanas varios establecementos de Melide foron obxecto de roubos e, en consecuencia, de importantes estragos. Un dos establecementos afectados foi Casa Juanito, onde os amigos do alleo forzaron a porta da entrada e accederon na madrugada do domingo 29 de abril ao luns 30 arredor das catro da mañá.

A maiores dos estragos causados, os ladróns levaron 5.000 euros en efectivo e 12 xamóns que se estima teñen un valor de máis de 1.000 euros no mercado, tal e como explicaron os donos do establecemento, "xa que son xamóns de bellota".

Os responsables do comercio sospeitan que os ladróns "teñen que ser coñecidos ou polo menos tiñan que ter o comercio vixiado, porque nas gravacións vese como entran a roubar a tiro fixo; son dúas persoas e unha vai a polos xamóns e outra a pola caixa directamente".

Os feitos xa foron postos en coñecemento da Garda Civil, que agora investiga o sucedido.

Outro dos comercios afectados nas últimas semanas foi o

Casa Juanito, un dos comercios onde os ladróns entraron a roubar

de Romero Zapaterías. Ademais, dende numerosos establecementos amosaron a súa preocupación ante a insistente presenza nas súas tendas dun grupo de persoas descoñecidas que tras serlle denegada a súa entrada non quixeron desistir da súa intención. "Chamamos á Garda Civil, pero claro, non poden estar todo o día dentro dun único comercio, por iso reclamamos máis movemento por parte das autoridades polas rúas de Melide", declararon.

Roubo de maquinaria

Días atrás, a Garda Civil de Melide tamén detivo a tres menores como presuntos autores do roubo dun turismo, un tractor, ferramentas e maquinaria. Os feitos iniciáronse a raíz dunha denuncia interposta o pasado 9 de abril pola subtracción de diversos obxectos e ambos vehículos. Froito da investigación atopáronse, entre unha casa abandonada e outra deshabitada situadas en zonas illadas do municipio de Santiso, numerosos obxectos, dos cales uns foron entregados ao propietario que formulou a denuncia, e do resto descoñécese a súa procedencia.

Reabre o Museo da Terra de Melide tras catro meses pechado por falta de financiamento

Puntualmente como vén sendo habitual nos últimos anos cada 2 de maio, o Museo da Terra de Melide abriu de novo as súas portas para continuar desenvolvendo o seu labor de dinamización cultural e patrimonial da vila. A falta de financiamento fixo que unha vez máis nos catro primeiros meses do ano tivese que pechar as portas ata recibir a única achega que percibe por parte da Deputación para poder continuar coa súa actividade habitual, ademais de prestar servizo como oficina de información turística da vila. A partir de agora, tal e como anunciaron con motivo da súa reapertura, volverán as visitas e as excursións con alumnos de diferentes colexios, as visitas polo Melide histórico e tamén as nocturnas, que inclúen lendas populares, así como diferentes actos con motivo do Día Internacional dos Museos que se celebra o 18 de maio. Dende que o Museo retomou a súa actividade a comezos de maio, os alumnos de terceiro e sexto curso de primaria do CEIP Mestre Pastor Barral xa puideron gozar dunha ruta polo Melide máis histórico. Así mesmo, nos catro meses que permaneceu pechado, dende o Museo da Terra de Melide estiveron a traballar, en colaboración coa asociación de software libre Melisa, no catálogo dixital sobre o patrimonio de Melide (abeancos.gal) incorporando un total de 12 novos elementos.

Asinado o convenio da Rede Cultural

O Concello de Melide vén de asinar coa Deputación da Coruña o convenio da Rede Cultural polo que o Concello recibirá unha achega do 50% para sufragar accións culturais, na súa meirande parte do verán cultural que se celebra durante o mes de agosto. Rede Cultural de 2018 recolle a realización de actuacións de teatro, monicreques, música, danza e producións audiovisuais. As propostas divídense en varios programas. Dalia García sinalou que "a sinatura deste convenio permite a mellora da programación cultural do Concello que se desenvolve ao longo de todo o ano, facendo especial fincapé no verán cultural de agosto. Agardemos que todas as actividades e espectáculos que se van a representar sigan tendo o mesmo éxito que os organizados ata o de agora". Cun orzamento que supera os dous millóns de euros, a Rede Cultural da Deputación ofrece por vez primeira unha axenda global e un programa de promoción do galego, e permitirá promover case dous mil espectáculos nos concellos de toda a provincia.

As Letras Galegas en Melide

13 de Maio.- *Ao latexo das Letras*, a nova proposta musical do gaiteiro e frautista poiense Óscar Ibáñez, homenaxeará a María Victoria Moreno en Melide coincidindo coa Festa do Melindre. A xira conta coa participación de Óscar Ibáñez & TRIBO e da poeta Tamara Andrés, ademais de outros moitos gaiteiros e bailadores convidados.

14 de Maio.- Contos, cancións e misterios con Luis Vallecillo, actividade de animación á lectura para alumnado de educación infantil e 1º de educación primaria dos tres colexios de Melide. (Biblioteca pública)

15 de Maio.- Actuación de títeres "Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón" da compañía Viravolta Títeres, dirixida ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria dos tres colexios de Melide. (Biblioteca pública). 11:30 h: programa en Radio Melide sobre María Victoria Moreno.

16 de Maio.- "María e os ollos alabarados", un espectáculo de narración oral e monicreques dirixido ao alumnado de 2º, 3º e 4º de educación primaria dos tres colexios de Melide. 19:00 h: percorrido musical polas rúas de Melide a cargo da alumnado das escolas de gaita e percusión do Concello de Melide, dirixidas por Miguel Vázquez.

Do 16 de maio ao 4 de xuño: Exposición sobre a figura de María Victoria Moreno no baixo da casa do concello.

20 de Maio.- 18:30 h- casa da cultura: "Mar adiante", espectáculo de Odaiko e Fantoches Baj: cantigas, música, danza e marionetas nun espectáculo baseado na obra homónima de María Victoria Moreno, dirixido a público familiar.

Educación estudará a posible ampliación da FP no IES de Melide

A alcaldesa de Melide, Dalia García, mantivo unha xuntanza de traballo co xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a provincia da Coruña, Indalecio Cabana, na que ademais de facer balance das actuacións levadas a cabo pola consellería trataron as posibles necesidades educativas da vila. Deste xeito, estudaron a posibilidade da ampliación da oferta educativa no IES de Melide; aspecto en relación ao que Dalia García anunciou que "a Consellería levará a cabo un estudo para ver se é posible ampliar a formación profesional no municipio, se é viable incorporar a formación dual ao IES, así como tamén cal é a mellor rama", sinalou. A rexedora melidense tamén lembrou que "a rama sanitaria é unha das que podería ter cabida en Melide; con todo, estudarase en profundidade a súa viabilidade dende a Consellería".

O PSOE volve á alcaldía de Sobrado dos Monxes tras unha moción de censura

Un ano despois, o socialista Lisardo Santos volve á alcaldía de Sobrado dos Monxes trala celebración dun tenso pleno no que dende o primeiro momento tivo que intervir a Garda Civil. E é que ás portas do salón de plenos congregáronse numerosos veciños en apoio á rexedora saínte, María Jesús García (Todos por Sobrado), que os axentes tiveron que desaloxar para poder acceder á sala e celebrar o pleno da moción.

Xa dentro, María Jesús García quixo aprazar a sesión ao considerar que non se dispoñía de secretaria. García explicou que a "secretaria municipal non podía exercer as súas funcións por estar formalmente de vacacións". Non obstante, á saída do pleno o novo alcalde defendeu a súa asistencia e asegurou que o pleno fora totalmente legal explicando que "a secretaria no seu día presentou un decreto renunciando as súas vacacións e iso é absolutamente legal".

Mentres tanto, María Jesús García, que considerou a moción de censura presentada como "manifestamente ilegal e sobre todo profundamente inmoral e absolutamente irrespectuosa cos cidadáns do concello de Sobrado", xa anunciou que acudirá aos tribunais. Pola súa parte, Lisardo Santos engadiu que "eles teñen agora a ocasión de levalo a un xulgado e se un xuíz di o contrario asumiremos o que diga".

A moción contou co apoio de catro concelleiros socialistas e un máis que fora nas listas do PP, pero que non se incorporou ao seu grupo cando cesou o que fora cabeza de lista dos populares. Con todo isto, finalmente a moción votouse e saíu adiante con 7 apoios, incluídos os do PP, que hai un ano apoiaran a candidatura da alcaldesa María Jesús.

Pese ao ambiente de tensión vivido durante a celebración do pleno, ao finalizar o mesmo os dous integrantes de Todos por Sobrado estreitaron a man de Santos.

Á saída do pleno, a xa exrexedora agradeceu o apoio dos seus simpatizantes e asegurou que loitara todo o que fora posible pola transparencia deste concello, "algo que seguirei facendo dende onde me corresponda; acabaremos saíndo adiante e Sobrado tamén", concluíu.

Xa como novo alcalde, Lisardo Santos insistiu en que "imos a traballar para todos, como fixemos sempre e como imos a seguir facendo".

Unha moción desautorizada

Dende a dirección do Partido Popular da provincia da Coruña lembraron que xa no seu momento se "desautorizara expresamente" esta moción e, en consecuencia, iniciarán un proceso para xuntar toda a información necesaria respecto á postura adoptada polos dous concelleiros que a apoiaron.

A Garda Civil tivo que abrir o salón de plenos para que se puidese celebrar a sesión, que transcorreu no medio dunhga gran expectación

O PP de Santiso propón unha rebaixa do 95% no Imposto sobre Bens Inmobles

A portavoz do grupo municipal do Partido Popular de Santiso, Matilde Pallares, solicitou ao goberno local que aplique unha rebaixa do 95% no Imposto Sobre Bens Inmobles (IBI) da que se beneficiarían, segundo indicou, "a gran maioría das construcións que existen no municipio".

Os populares saíron así ao paso das críticas que o executivo local realizou sobre a revisión de catastro por parte do goberno central. Sobre este asunto, a popular mostrou o seu apoio a que o Concello de Santiso contrate un servizo que asesore aos veciños sobre este asunto, pero criticou que o alcalde, Manuel Adán, "non informe nestas charlas sobre as medidas que o goberno local pode poñer en marcha para paliar unha posible subida do imposto".

"Somos os primeiros defensores de que o goberno municipal informe con claridade sobre todos os asuntos que

afecten á vida dos veciños, pero gustaríanos que fose así con todos os temas e non só cos que lle interesan ao alcalde", dixo Pallares, quen lamentou que o rexedor omita que "o Concello ten na súa man aprobar unha rebaixa do IBI e", desta maneira, "axudar a levar mellor a subida do catastro".

'Catastrazo'

Pola súa banda, dende o Concello de Santiso o Goberno local informou de que manterán o servizo de asesoramento sobre o denominado 'catastrazo' mentes "os veciños así o soliciten". Ao mesmo tempo, indicaron, "estamos estudando a maneira de baixar o tipo impositivo ou bonificar as explotacións para paliar na medida do posible un imposto que cremos inxusto para os veciños deste concello".

A Deputación aproba a axuda coa que se mellorará a travesía de Souto, en Toques

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade en pleno unha achega de 249.336,02 euros para a mellora da travesía de Souto na estrada DP-4604 ao seu paso pola parroquia de Capela, no concello de Toques. As obras previstas forman parte do Plan provincial de Travesías da Deputación. O obxectivo deste investimento será mellorar a accesibilidade, a seguridade e a conservación do entorno nos 820 metros de estrada que abarca a obra. Para asegurar o cumprimento dos obxectivos, está prevista a demolición das beirarrúas e bordos existentes para a súa reparación, así coma a demolición dun muro de mampostería ao fin de lograr un ancho continuo na travesía. As novas beirarrúas non contarán con bordos e estarán na súa totalidade a nivel. Tamén se realizará a adaptación dos sumidoiros existentes á nova rasante e a reposición das redes que se poidan ver afectadas durante o transcurso das obras. Neste senso, disporase a rede de pluviais completa no tramo final da actuación cos sumidoiros correspondentes, por carecer dela. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses a partir do inicio das obras.

Travesía de Souto no concello de Toques

Detidos dous irmáns en Sobrado por cultivar case 800 plantas de marihuana

A Garda Civil de Boimorto detivo a dous irmáns con residencia en Lugo como presuntos autores dun delito contra a saúde pública, cultivo ilícito de marihuana, e outro delito de defraudación de fluído eléctrico, nunha vivenda da parroquia de Grixalba, no concello de Sobrado dos Monxes.

A investigación policial iniciouse o pasado mes de marzo a raíz das sospeitas que tivo a Garda Civil de que unha vivenda de Grixalba, en Sobrado, se podería estar utilizando para o cultivo de marihuana. Tralas investigacións realizadas, sóubose que o inmoble estaba alugado dende o pasado 10 de febreiro por dous irmáns e que mesmo defraudaran o fluído eléctrico mediante a técnica do "puenteado".

Unha vez que a Garda Civil accedeu coa autorización xudicial ao interior da vivenda atopáronse na mesma un "perfecto" invernadoiro con 797 plantas (o equivalente a máis de 200 quilos); 40 focos de 600 watt, 10 ventiladores e todo tipo de útiles para o cultivo de marihuana. Cabe destacar que as habitacións estaban cerradas con plástico e o chan inundado con labores de regadío.

Os autores dos feitos contan con numerosos antecedentes por feitos similares. Mentres tanto, as dilixencias foron remitidas ao Xulgado de Instrución número 3 de Betanzos.

Fotos: Garda Civil

Éxito da Escola Deportiva de Bádminton de Toques

Participantes na competición de Boimorto

A Escola Deportiva de Bádminton do Concello de Toques está de en hora boa; e é que na fase zonal que tivo lugar en Boimorto obtivo un bo resultado, tendo en conta que a súa participación foi inédita e que os sete nenos e nenas acadaron meritorios postos, e máis cando ningún deles sabía xogar ao bádminton no mes de outubro. Atrás quedan os adestramentos, dous días á semana nun espazo reducido que o CEIP de Toques cedeu para a súa formación, as tres xornadas formativas que tiveron lugar en Vilasantar, Trazo e O pino e, finalmente, a fase zonal en Boimorto, clasificatoria para a fase provincial, e para a cal se clasificou un participante da Escola de Toques de categoría Alevín Masculino ao chegar ás semifinais. Sen data aínda para a fase provincial, que está previsto que se dispute durante o mes de maio na comarca de Ferrol, participarán nela os catro primeiros clasificados de cada categoría das catro zonas nas que se divide a provincia en Deporte Escolar. Así, ademais do participante de Toques, tamén acudirán nenos e nenas dos concellos da zona como Boimorto, O Pino, Ordes e Trazo.

O Concello de Santiso "responde"

Cumprido un ano do servizo de avisos do Concello de Santiso a través da aplicación de WhatsApp, dende o goberno local dan un paso máis na comunicación cos veciños e a partir de agora tamén responderán ás demandas, dúbidas, queixas ou incidencias que se comuniquen a través desta vía.

Benestar social

Ata o 18 de maio está aberto o prazo nos Concellos da comarca para participar nos campamentos de verán da Xunta de Galicia. Os beneficiarios destas actividades son rapaces e rapazas de entre 9 e 18 anos. Pola súa parte, ata o 30 de maio está aberto o prazo para solicitar praza nos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade. Así mesmo, ata o 31 de maio está aberto o prazo para que as persoas xubiladas poidan presentar solicitude para o programa de Benestar en Balnearios. Máis información sobre as distintas campañas nos respectivos Concellos.

BREVES: Sobrado dos Monxes

Obras
O servizo provincial de Vías e Obras da Deputación está a redactar un proxecto para acometer unha segunda fase dos traballos de ampliación e mellora da estrada DP 8001 de Cruces a Penablanca, en Sobrado. As obras darían continuidade ás xa realizadas pola Deputación nos primeiros tres quilómetros da vía, que supuxeron un investimento de preto de 200.000 euros para ampliar a plataforma da estrada dende os 4,5 ata os 7,5 metros (8 nalgúns puntos). A Deputación da Coruña continúa así coa ampliación da vía noutro tramo de aproximadamente 3 quilómetros da estrada, que chega ata o límite da provincia. Ademais, dende a Deputación esperan acometer este verán as obras de reparación da cuberta do claustro de peregrinos do Mosteiro de Sobrado.

Ciadella
O alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, mantivo unha reunión en Santiago de Compostela coa directora xeral de Patrimonio Cultural, María del Carmen Martínez, para tratar o fomento, mellora e potenciación turística do Campamento Romano de Ciadella e da súa contorna. Unha das propostas achegadas por parte do rexedor foi a de que as pezas atopadas en Ciadella poidan ser expostas e explicadas nalgunha dependencia habilitada polo Concello, así como crear unha ruta que enlace directamente As Pías con Ciadella potenciando esta vía romana.

Lecer en Toques

IV Festival Linguafolk
Será o sábado **26 de maio** e comezará ao mediodía cunha sesión vermú. A continuación terá lugar o xantar para dar paso ás actuacións de grupos tan recoñecidos como Vide Preto, O Balado, Pozo Pequeno, Alhóndiga, Larpeiros de Altamira, Escola de Acordeóns, Trisquileiros, ACV Pena Julpilleira, Bingo Birón e Froito Novo. A xornada rematará coa actuación de Odaiko co seu espectáculo "Mar adiante", que fai referencia á primeira novela en galego de María Victoria Moreno, a quen se lle dedica este ano o día das Letras Galegas. Leirabuxo porá o punto e final ás actuacións e compartirá o fin de festa con todos os músicos participantes. A maiores haberá xogos populares e a actuación do Mago Romarís. O IV Festival Linguafolk coa homenaxe á autora das Letras Galegas deste ano comezará a partir das dúas do mediodía e levarase a cabo na Aula da Natureza e arredores.

III Torneo de Tenis de Mesa
Sábado **12 de maio** a partir das 16.00 horas no pavillón polideportivo de Souto. Nesta ocasión será en modalidade individual e contará con dúas categorías: ata os 15 anos e de 16 anos ou máis. Para inscribirse ou máis información, os interesados poden chamar ao 626 445 816.

Lecer en Santiso

O Concello de Santiso ten programada unha excursión o **mércores 30 de maio** á Ribeira Sacra. A actividade ten un prezo de 20 euros e os interesados teñen ata o 16 de maio para anotarse. Durante a viaxe realizarase unha visita a unha adega con cata de viño incluída e tamén poderán navegar en catamarán polo Sil. Máis información no Concello de Santiso. Ademais, **o venres 1 de xuño** terá lugar a clausura das Escolas Deportivas no polideportivo de Arcediago ás 10.00 horas. O evento contará coa actuación do Home Orquestra e cos xogos de "O Paporrubio". Así mesmo, **dende o 29 de maio e ata o 8 de xuño** estará aberto o prazo para anotarse nos campamentos de verán que organiza o Concello en Visantoña para nenos de 3 a 14 anos. Os interesados en anotarse deberán facelo no propio Concello.

SMART TONIC®

LA ESTRELLA DE LAS GAFAS

1 GAFA SMART TONIC® Y 2 SMART CLIPS a elegir entre:

Clip Polarized, Blueblock, Nightdrive, Sun, Precision y 3D*.

MODELOS PARA HOMBRES, MUJERES Y NIÑOS.

* La oferta SMART TONIC® incluye 1 montura SMART TONIC® y 2 Smart Clips con P.V.P máx. recomendado de 149€. P.V.P máx. recomendado por cada clip adicional: 20€.
Válido en ópticas ALAIN AFFLELOU de España y Andorra del 19/02/2018 al 31/12/2018. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

EN EXCLUSIVA EN
ALAIN AFFLELOU

Distribuciones
Casa Juanito, s.l.
desde 1910
Mateo Segade Bugueiro, 39 · Melide · Tel: 981 50 51 03

Talleres Mejuto
Ctra. Santiago - Lugo, s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tel.: 981 50 59 99
Fax: 981 50 64 35
Wir leben Autos.

CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
Blan-gar, s.l.

Crta. Lugo km 46 · 15800 - Melide · A Coruña
Tel: 981 50 54 18

LA FLECHA DEL ÉXITO
BUSCA
EN ESTE DISTINTIVO ENCONTRARÁS GRANDES DESCUENTOS QUE SERÁN PERFECTAS DIANAS.

COLUMNAS EQUIPADAS

DESDE 49€



DESDE 200€

Hidromasaje
Boquilla baño turco
Difusor aromas relajante
Regulación automática de temperatura
Instalación en ducha, bañera o cabina polifuncional redonda, cuadrada...
Montaje en ángulo o pared

ares
FERRETERÍA - SANITARIOS - MENAJE- CARPINTERÍA

Rda. da Coruña, 33
Rúa México, 20
P.I. Madanela
15800 MELIDE (A Coruña)

Telf.: 881 97 53 19
Fax: 881 97 53 19
Web: www.mercamelidevirtual.com
E-mail: comercialares@asemaco.es

Oferta válida hasta el 15 de diciembre o fin de existencias

Café Arraigos

¡¡¡Moitas Grazas!!!

Pola gran acollida na Inauguración.
Agardámosvos de novo no bar de moda en MELIDE.

Calle Taboada Roca 3,bj Melide

RECAMBIOS SANDO
JUAN JOSÉ SEGADE VILAR

TOTAL

Avda. de Lugo, 4 bajo B
15800 Melide (A Coruña)
sandomelide@hotmail.com

Tfnos.:
981 50 54 19
659 36 78 60

Gulf

TRW Automotive

LUK

Continental

De onte, de hoxe e de sempre

Todo para o teu coche

O 12 e o 13 de maio cita en Melide cos melindres, ricos e amendoados

Os irmáns Torres serán os pregoeiros da XXVII Festa do Melindre, na que tamén realizarán un showcooking en directo

Chega o mes de maio e con el unha das citas máis célebres do calendario no concello de Melide e na súa contorna, a festa do Melindre que este ano acada a súa vixésimo sétima edición e que se celebrará os días 12 e 13 de maio. Desvelada a gran incógnita, este ano serán os irmáns Torres, os cociñeiros xemelgos do programa da Televisión Española "Torres en la Cocina", os encargados de dar o pregón. Concello e reposteiros apostan así por unha maior difusión e proxección desta festa que xa no ano 2013 foi declarada de Interese Turístico Galego.

Sergio e Javier Torres (Barcelona, 1970), comparten a paixón pola cociña que foi inculcada pola súa avoa materna. O seu estilo está marcado por "unha mestura de vangarda e natureza que saca o mellor aos produtos de tempada". En 2002 decidiron unirse e comezaron a súa carreira en común. A día de hoxe contan con 2 Estrelas Michelín. Ademais do programa de cociña da TVE, entre outros xa realizados, teñen publicados varios libros coas súas mellores receitas.

Con todo isto, xunto á posta en valor dos doces que se exaltan neste evento reposteiro, os famosos cociñeiros realizarán un *showcooking* o sábado 12 de maio ás sete e media da tarde no que amosarán o seu estilo ante os fogóns en directo. Non obstante, para participar nel será preciso facer unha inscrición previa que se abrirá unha hora antes no baixo da casa do Concello.

Nomeamento de 11 embaixadores

Tal e como vén sendo habitual no transcurso da festa tamén se nomearán aos embaixadores que, nesta edición, serán un total de 11. Coñecidos persoeiros do mundo da gastronomía, do sector empresarial, do deporte e do cine ou tamén da política, entre outros, serán así os encargados de transmitir o labor reposteiro tradicional da comarca por todo o mundo. Neste senso, este ano os embaixadores serán o actor da serie *Fariña,* Monti Castiñeiras; a instagramer *The Foodie Searcher*; o adestrador do Obradoiro CAB, Moncho Fernández; o chef Quique Rodríguez; o director de Comunicación e Relacións Institucionais de El Corte Inglés Galicia, Pati Blanco; o director da Orquestra de Cámara de Galicia, Rogelio Groba; o director do CIFP Compostela, Ramiro Esparís; a Asociación Deportiva Cerne; o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez; a Directora Xeral de Comercio e Consumo, Sol María Vázquez e a Xerente da Fundación Pública Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro.

Programación

Á exaltación durante dous días dos ricos, os amendoados e os melindres (as tres elaboracións típicas da zona que confeccionan seis casas de artesáns dende hai máis dun século), súmanse unha serie de actividades que farán da festa do Melindre un espazo no que participar, degustar e entreterse durante toda a fin de semana.

Haberá así unha feira de produtos artesanais, actuacións musicais a cargo de grupos como Cómplices, Miguel Costas, a Banda de Nash, Óscar Ibáñez, Leirabuxo, Froito Novo, a banda de música de Agolada ou a charanga BB+, ademais dunha sesión vermú a cargo de Petroni amenizada pola artista pop, Silvia Penide, e o clown Circanelo para os máis pequenos da familia.

Na imaxe superior, Festa do Melindre o ano pasado e, na parte inferior, actividade de promoción en Madrid destes doces típicos

O acto central desta edición, o pregón, terá lugar o domingo 13 ás 12.30 do mediodía na praza do Convento e estará conducido pola actriz Cristina Maró.

Cabe destacar que entre as actividades de promoción previas á Festa do Melindre levadas a cabo, realizouse en colaboración co Centro de Transfusión de Galicia unha campaña solidaria mediante a cal os doantes de sangue recibiron doces tradicionais da Terra de Melide, e tamén unha presentación dos produtos no establecemento comercial da capital galega, El Corte Inglés.

Unha aposta cada vez máis forte pola repostaría tradicional

Durante a presentación da vixésimo sétima edición da Festa do Melindre a cargo da alcaldesa de Melide, Dalia García, e do presidente da Asociación de Repostaría Tradicional Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez, quedou patente o traballo e esforzo realizado en prol da consolidación deste evento así como da difusión e promoción dos seus produtos.

Deste xeito, dende o colectivo que preside, Alberto Rodríguez quixo destacar que para eles a Festa do Melindre é unha acción moi importante "non só como actividade económica en si o propio día da festa, senón como un escaparate durante todo o ano". "Nós o que vimos apreciando dende que traballabamos cos nosos avós e cos nosos pais é unha evolución a maiores das vendas durante todo o ano; un produto que estaba moi focalizado no pobo e que se vendía só no pobo, hoxe en día estamos conseguindo desestacionalizalo e que se venda durante todo o ano, incrementando así a súa venda. E para nós é unha alegría inmensa ver como o traballo que comezaron os nosos pais fai case 30 anos evolucionou ata o que é na actualidade".

Se ben é certo que a maioría da produción de melindres, ricos e amendoados se vende a nivel local tal e como indicou o presidente de Melide Terra Doce, cada vez tamén hai máis puntos de venda en distintas partes de Galicia "e tamén aumenta a demanda a través de Internet para zonas como Barcelona, Mallorca ou Sevilla"; "unha clara mostra de que o produto se está movendo" en palabras do seu presidente.

Con estes datos non é de estrañar que dende a asociación estean tratando de rexistrar o produto ben sexa ao amparo dunha Indicación Xeográfica Protexida ou outra marca de garantía, tal e como explicaron durante a presentación. A alcaldesa de Melide lembrou ao respecto que están traballando man a man con Artesanía de Galicia para ver distintas posibilidades ao mesmo tempo que tratan de abrir novos puntos de venda en diferentes sitios.

Alberto Rodríguez non quixo deixar pasar a oportunidade para mencionar o cartel desta edición que, nas súas palabras, é "unha marabillosa homenaxe ás nosas nais e avoas". Finalmente destacou a profesionalidade do sector que pouco a pouco foi medrando e que lles vai permitir unha maior competitividade á hora de comercializar o produto.

Estimase que durante a fin de semana de celebración da Festa do Melindre se acheguen á vila de Melide máis de 3.000 persoas para degustar os doces típicos elaborados polos seis establecementos encargados da súa produción: Casa Melchora, Panadería Tahona, Pastelería Trisquel, Pastelería Estilo, Panadería-Pastelería Toques e Panadería Tarrío.

A música e o baile tradicional encheron as rúas de Melide na Foliada 2018

Un ano máis, e con este xa van catorce, Melide acolleu durante a última fin de semana do mes de abril unha nova edición da Foliada. Foron miles as persoas que se achegaron ata Melide para gozar desta tradición musical durante dous días. A actividade xa comezou na noite do venres na Casa da Cultura, onde os asistentes puideron coñecer o traballo de Bruno Villamor, o gaiteiro de Santo Xusto, que presentou en Melide o seu traballo. O sábado pola mañá os cantos de taberna chegaron á zona dos viños da vila para enchela de música tradicional con persoas de todas as idades e chegadas de diferentes partes de Galicia, así como tamén do panorama nacional. Multitude de actividades e unha mostra de artesanía acompañaron á musica ao longo da fin de semana. Xa o domingo, Odaiko e Vanesa Muela trouxeron a súa proposta a Melide para poñer fin a outra exitosa edición da Foliada, organizada pola Asociación Musical e de Baile tradicional O Castelo.

Case 14.000 kg de alimentos recollidos na V Gala Solidaria de El Combo Dominicano

Foto: Turismo de Melide

A asociación de hostalería Melide Móvese organizou o pasado 4 de maio unha nova edición da súa Gala Solidaria de recollida de alimentos, que contou coa actuación estelar da orquestra El Combo Dominicano para presentar a súa xira 2018. Así, dende as catro da tarde as portas do Palacio de Congresos permaneceron abertas para proceder á recollida de alimentos, que nesta edición acadou unha cifra de 13.800 quilos. Os alimentos recollidos xa foron repartidos entre as asociacións máis necesitadas que atenden as demandas das persoas con maiores dificultades. Pola súa parte, o concerto solidario de El Combo Dominicano reuniu a preto de 4.000 persoas no Palacio de Congresos, que puideron gozar do seu espectáculo renovado repleto de ritmos latinos. Cabe destacar que con anterioridade á gala, varios supermercados da vila colaboraron tamén recollendo alimentos nos seus establecementos. A deste ano foi a quinta edición da gala.

O Cazatapas Terra de Melide premia a calidade dos hostaleiros da vila

A viñoteca Ribeirao de Melide foi o escenario elixido para facer a entrega dos premios e diplomas do primeiro concurso de tapas “Cazatapas Terra de Melide”. O primeiro premio do xurado popular foi para o establecemento Dúas Rúas, coa tapa *Delicias de Montaña*. Os demais premiados nesta categoría foron O Tobo do Lobo, a Xamonería Garceiras, a Parrillada Pilmar e Chiquitín. Pola súa parte, o premio do xurado profesional foi para O Tobo do Lobo pola elaboración *Canelón de coello, setas e castañas*. Nesta categoría os demais premiados foron o Recuncho do Convento, Dúas Rúas, a Cafetería Estilo e o Restaurante Chiquitín. Segundo os organizadores repartíronse un total de 600 pasaportes, dos cales 5 chegaron a completarse na súa totalidade, e vendéronse unhas 5.000 tapas. Os hostaleiros amosáronse contentos coa repercusión desta primeira edición do Cazatapas que, durante dúas fins de semana discorreu paralelo ás probas internacionais de cans de rastro e caza, e na que participaron un total de 17 establecementos.

Música, unha exposición e o reparto de libros centraron as actividades do Día do Libro

A biblioteca de Melide acolleu as actividades relacionadas coa celebración do Día do Libro e que este ano comezaron co espectáculo “Fantasía Musical con Jorge e María”; unha iniciativa pensada para toda a familia e dirixida a nenos dende os 3 anos de idade. Nela participaron pais, nais e familiares con rapaces e rapazas que gozaron da actividade. Así, todos os que se achegaron ata a biblioteca asistiron a unha festa musical coas letras do abecedario, un concerto dinámico con moita interacción co público, onde diferentes personaxes foron aparecendo con cada canción. Pop, hip hop, rock and roll ou incluso matices de swing mesturados con textos cheos de fantasía serviron para achegar a poesía aos máis pequenos. A maiores, a biblioteca Xosé Vázquez Pintor de Melide acolle durante varias semanas e ata mediados do mes de maio unha exposición de libros de tamaños especiais (grandes, pequenos e con formas diferentes). Noutros concellos da comarca como por exemplo en Toques, a área de Cultura da Deputación contribuíu co reparto de varios libros, mentres que en Sobrado o Concello agasallou cun libro a cada alumno do CEIP Virxe do Portal.



A Asociación cultural e veciñal Melidá organiza o sábado 12 de maio a partir das dúas do mediodía a primeira festa do río Furelos. Ademais dun xantar campestre haberá diferentes actividades e a representación da obra de teatro "A troita do río Furelos" a cargo de Ti máis eu Teatro. En caso de que a meteoroloxía non acompañe as actividades levaranse a cabo no edificio da área recreativa de Furelos.

XXVII Festa do Melindre

SÁBADO 12 DE MAIO

12.00h. apertura de stands
Animación musical de rúa coa **Chraranga BB+**
19.30h. showcooking cos **HERMANOS TORRES**
Capacidade limitada. A inscrición abrirá unha hora antes e farase no baixo do Concello
22.30h. actuacións musicais. Praza do Convento
CÓMPLICES
MIGUEL COSTAS
BANDA DE NASH

DOMINGO 13 DE MAIO

11.00h. apertura de stands
Animación musical de rúa co **Grupo de Música Tradicional Froito Novo**
12.30h. pregón a cargo dos **HERMANOS TORRES** e entrega de títulos de nomeamento de embaixadores do Melindre, presentado pola actriz **Cristina Maró**. Praza do Convento.
14.00h. concerto da **BANDA DE MÚSICA DE AGOLADA**. Praza do Convento
14.00h. sesión vermú a cargo de Petroni, amenizada coa cantautora **Silvia Penide**. Praza das Ichoas
17.30h. actuación de clown para público infantil **Circanelo**. Praza do Convento
19.30h. actuacións musicais de fin de festa. Praza do Convento
ÓSCAR IBÁÑEZ+tribo+convidados
LEIRABUXO

Breves

Éxito de participación con pescadores de toda Galicia no Open Pesca Mosca Furelos, clasificador para a gran final do *Máster de Campións – Doctor Moralejo* que se celebrará no río Xubia no mes de setembro. O total de capturas foi de 241 troitas que, independentemente do seu tamaño foron devoltas ao río. O campión e tamén "maior número de capturas" foi o veciño de As Pontes, Vicente Pico Anidos. A troita máis grande, de 32,5 cm, foi para Alberto González, de Santiago.

A Gala de Patinaxe organizada polo Concello de Toques reuniu no pavillón de Souto a máis de 200 participantes procedentes das Escolas Deportivas desta disciplina dos concellos da comarca e da contorna.

Medalla de prata para a bailarina melidense das Escolas Deportivas Marta Mosquera, e de bronce para as parellas Atenea Martínez e Marta Mosquera; e Laura Sánchez e Mariña Ferreiro, na final de danza Anaprode celebrada en Tarragona.

O Ayude de Santiso co presidente da FGL, José Luis Olazábal

O futuro da loita galega deuse cita no pavillón municipal de Vila de Cruces para disputar a final da liga infantil e os seis primeiros postos, aos que optaban os integrantes do Ayude de Santiso, e que finalmente remataron en segundo lugar.

ESPAZO POÉTICO

Iria Barreiro Vázquez

Iria Barreiro Vázquez (Melide, 2000) é unha poetisa melidá que cursa 2° de Bacharelato no IES de Melide. O poema é froito dun obradoiro sobre a obra do poeta rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930), proposto na asignatura de Literatura Galega do século XX.

NA LOITA

O forno de pedra do horizonte está quentando
nun tempo no que xa debería estar
coa colcha de plumas
As bágoas do lume frío e incandescente abanéanse
de cando en vez
removidas por unha brisa aínda cálida
E as espadas da Rosa dos ventos horaria
seguen forcexando nunha loita sen volta atrás
Nós, namentres, fallamos na defensa e
os pasos a x i g a n t a d o s do inimigo
fannos recuar
O compás do avance soa *fortissimo*
nun ritmo que non damos seguido
Onde quedou o director da orquestra?
Necesitamos unha tregua que nunca conseguiremos
Só nos queda lamentarnos
como sempre se nos deu
Lamentarnos e chorarlle á pantalla de cine
de cristal, escura e con po.
Baleiro Silencio Escuridade
Calor Angustia Alegría
Felicidade Tristura
Nun paso de estacións monótonas e aleatorias
De reloxo limitado

O Melide Fútbol Sala Feminino campión da Copa Galega Cadete

O club será o encargado de organizar a fase final da Copa Primeira Galicia

A Marín tamén se desprazaron os familiares das xogadoras que acabaron celebrando a consecución da Copa con elas sobre o terreo

O esforzo e o traballo ben feito sempre teñen a súa recompensa, e senón que llo digan ás xogadoras do Melide Fútbol Sala Feminino, que tralos bos resultados acadados na liga veñen de gañar a Copa Galega Cadete Feminina.

A competición disputouse en Marín sen fase previa, xogando directamente as semifinais á mañá e a final pola tarde. Do enfrontamento Cidade das Burgas Ourense–O Fisgón Moaña remataría por pasar á final o equipo ourensán tras vencer nos penaltis. E o mesmo aconteceu na outra semifinal co Melide Fútbol Sala Feminino–Prone Adarve de Lugo. "O partido púxosenos de cara na primeira parte cun 2-0, pero na segunda parte os nervios xogáronnos unha mala pasada e o rival, que tamén se veu arriba, empatou o partido. De aí tivemos que ir aos penaltis nos que, con moito sufrimento, acabamos vencendo", apuntaron dende o club.

Xa pola tarde, a final contra o Cidade das Burgas non comezou ben para o equipo de Melide que arrancou con moitos nervios e practicamente a remolque toda a primeira parte ata que, minutos antes de pitar o descanso, empataron o partido. "Quizais iso nos deu a tranquilidade necesaria para afrontar a segunda parte con menos presión e disfrutar un pouco máis". As rapazas do Melide xogaron entón o seu mellor fútbol ata poñerse por diante no marcador, o que resultou determinante para acabar vencendo cun 3 – 2 e conseguir así o seu primeiro título oficial. "É un premio moi grande a todo o esforzo e traballo e a verdade é que non podemos estar máis contentos". Alegría lóxica por tanto ao final do partido pese á anécdota de non recibir fisicamente o trofeo, que lles será entregado a final de temporada nunha gala que organiza a Federación Galega.

Organizadores da fase final da Copa Primeira Galicia

Ao primeiro título oficial acadado polo club hai que sumar outra recompensa, e é que o Melide Fútbol Sala Feminino, en colaboración co Concello de Melide, será o encargado de organizar a fase final da Copa Primeira Galicia. A fase final disputarase así en Melide e, salvo cambios de última hora, está previsto que se celebre o vindeiro 2 de xuño, data proposta dende un primeiro momento pola Federación.

O club atópase agora inmerso na fase previa onde afrontará o seu partido máis decisivo o sábado 19 de maio. "É un dos partidos máis importantes que temos por diante porque queremos estar na final, e máis sabendo que seremos nós os organizadores da mesma. O equipo está adestrando ben e traballando moito, así que afrontamos este encontro con máis ilusión que nunca".

Dende o Melide Fútbol Sala Feminino quixeron agradecer a colaboración de todos os patrocinadores e colaboradores que ao longo da temporada apoiaron ao equipo, e sinalaron que, en colaboración co Concello, non escatimarán esforzos á hora de organizar a fase final da Copa Primeira Galicia. "O noso obxectivo é que o evento deportivo sexa todo un éxito e que todos os equipos que veñan a disputar a Copa a Melide se sintan como na súa propia casa", apuntaron.

COPA PRIMEIRA GALICIA. CO APOIO DE

gastroteca A Boa Vida & A boa Viña Viñoteca
MELIDE ZONA DOS VIÑOS

agra AUTOESCOLA

Anic DIFUSIÓN comunicación gráfica
- DESEÑOS - ROTULACIÓN - SERIGRAFÍA
- SELOS - VINILOS - TAMPOGRAFÍA
-STUDIO - PEGATINAS - SUBLIMACIÓN
Ronda de Pontevedra, 63
15800 Melide - A Coruña
serigrafia.anic@gmail.com
Tlf: 981 94 38 94 – 604 05 05 83

CAFETERIA BREOGAN

óptica melide
Rúa do Convento, 17 - MELIDE
Tel. 981 505 467

Fisio Lili
Centro de Fisioterapia
T. 981 507 206
C/. San Pedro 16, bajo
15800 Melide (A Coruña)

GALEÓN CAFETERÍA DX3 CERVECERÍA

IMPRENTA Meligraf

CAFETERIA SOLAINA
Tfno.: 981 50 58 49
Avda. América, 26 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Roval JOYERÍA JR

Softee by Jim Sports

autos Suárez

ORGANIZAN:

RFGF REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

MELIDE FEMININO FÚTBOL SALA

CONCELLO DE MELIDE

40 anos do Museo da Terra de Melide

Xosé Manuel Broz Rei, Museo da Terra de Melide

Este ano o Museo cumpre 40 anos, do 1978-2018, unha longa andaina, pero breve na historia.

Facer unha lembranza de Mingos, cofundador do Museo na ampliación e reforma do ano 82; e de Fernando Acuña, arqueólogo, que escavou no Castro da Graña e na Vila Romana de Piñeiro; os seus achados están nas vitrinas. Os dous foron patrucios e guieiros do Museo. In memoriam.

O Museo é de titularidade privada, da Asociación de Estudios Melidenses, que ten uns 300 socios, que é membro do Consello Galego de Museos desde o comezo; un museo privado con función pública, que mantivo sempre a súa neutralidade política, e a súa fidelidade aos seus obxectivos: o estudio, exposición e divulgación do Patrimonio da Terra de Melide. Hoxe o Museo está completo, grazas ás múltiples doazóns da xente.

Lembrar os inicios, aló polo ano 1977, cando iniciamos os estudios da arqueoloxía desta Terra de Melide, nese tempo de desfeita de castros pola escavadora, e polo trazado de pistas. Ignorabamos a nosa realidade castrexa, que estaba agochada nos outeiros da comarca, onde afloraron materiais que foron o inicio do Museo, cunhas vitrinas no baixo do Concello, cando se inaugura a Biblioteca, aló polo ano 1978... e desde aquela, foi unha constante evolución. Logo, no ano 1982, a xenerosidade da familia Fuciños, na persoa de Mingos, facilitou unha casa gratuíta para instalar e ampliar a exposición, coa arqueoloxía e etnografía, a historia e o inicio da publicación do Boletín, que este ano publicarase o nº 31.

E no ano 2001, inaugúrase a súa terceira etapa no actual e propio edificio.

Grazas ao pobo de Melide, socios e socias, que fixeron deste Museo un soño colectivo, que vai saíndo adiante, a pesar das escasas axudas institucionais... máis preocupadas en actividades eventuais que en crear riqueza cultural permanente.

O pobo é quen máis ordena, aínda que de actitude lenta, ás veces, pero implacable no tempo... por iso, polo espírito dese soño colectivo, o Museo permanecerá.

Desde fai uns anos, o Museo pecha de xaneiro a maio, data na que recibe a única subvención da Deputación da Coruña; o día 2 de maio abrirá as portas a diario.

A mellor operación que se fixo foi a adquisición, por Subscrición Popular, do antigo Hospital de Peregrinos para sede do actual Museo - xa fai 20 anos- que é hoxe unha feliz e completa realidade, propiedade do pobo, deste pobo, herdeiro dos historiadores Alvarez Carballido e Taboada Roca; de tantos séculos de presenza letrada e cultural franciscana; de bos artesáns e comerciantes; dun castro e dun castelo; á beira dos Camiños de Santiago; melidaos nunha vila en constante desenvolvemento, no cerne de Galicia... donos dun Museo que cumpre este ano os seus primeiros 40 anos; herdeiros dunha historia moi ben documentada; actores nun escenario moi monumental e artístico, ao longo dos séculos... pobo moi culturalizado e sempre activo, onde o mundo se chama Melide.

Fachada do Museo e cuño *40 anos*

Por 40 anos máis de vida do Museo; legalo para o futuro é a nosa responsabilidade. Démonos grazas por este ben compartido.

 # Datos públicos, datos abertos

Rafa Gaioso, enxeñeiro informático
e presidente de Melisa

A lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece uns estándares mínimos para que as administracións fagan públicos gran parte dos datos que xestionan a diario. Estamos a vivir nun contexto social que lle esixe ás administracións públicas un alto nivel de transparencia en todo o relativo á súa actividade, que tamén se coñece como «paredes de cristal».

Esta lei indica que a información será distribuída dun xeito claro para os interesados, e preferiblemente en formatos reutilizables. Este último aspecto é esencial, xa que a publicación dos datos en formatos non reutilizables, por exemplo en formato PDF, impide que os cidadáns se poidan aproveitar dun uso automatizado deses datos, quedando só nun estado de consulta e/ou lectura. Polo tanto, os datos deben estar dispoñibles en formatos que faciliten a súa reutilización por parte doutras aplicacións informáticas, e así poder beneficiarse de procesos posteriores. Por exemplo, os datos relativos ás licenzas de apertura de locais comerciais poden facilitar a implantación de novas actividades naquelas zonas máis libres, ou incluso coñecer o estado dos locais comerciais en canto á súa dispoñibilidade para iniciar unha actividade que require de permisos especiais.

Os formatos máis habituais para os datos publicados son: CSV, JSON ou ODS. Deben evitarse o uso de formatos privativos, que son aqueles que obrigan ao uso exclusivo dunha certa aplicación informática para o seu tratamento. É dicir, os datos deben ser publicados nun formato aberto e estándar, e despois cada persoa pode decidir a ferramenta informática coa que manexar eses datos. Un claro exemplo do que significa a liberdade de elección tecnolóxica.

A día de hoxe, todas as administracións públicas están realizando esforzos para publicar o maior número posible de conxuntos de datos a través das súas respectivas páxinas web. Hai algunhas que pola súa importancia, ou tamaño, deciden crear un portal de datos abertos específico para que sexa máis doada a xestión dos mesmos. Este tipo de portais tamén facilitan unha tarefa imprescindible cando se publican datos, que é a súa actualización periódica. Os datos serán máis útiles canto máis actualizados estean.

Para coñecer o estado actual da publicación de datos abertos por parte das diferentes administracións públicas do estado, pode consultarse o sitio http://datos.gob.es, que recolle datos da maioría de concellos, comunidades autónomas e servizos do estado. Dentro da nosa comunidade podemos consultar o portal «abert@s» en http://abertos.xunta.gal.

Imaxe: lynda.com

EMMA SANMARTÍN GARCÍA, DIVA PRO MELIDE

“As mans e as uñas son unha parte importante do corpo que deberiamos coidar mellor”

O vindeiro mes de xuño cumprirá o seu primeiro aniversario ao fronte de Diva Pro, un proxecto que Emma Sanmartín comezou coa maior das ilusións e que, pese aos duros inicios, marcha vento en popa. Vén de incorporar numerosas novidades; algunhas das máis destacadas a denominada técnica de po de inmersión para as uñas ou o *Microblading* para as cellas. Recoñece que o mellor do seu traballo é o trato coa xente e destaca a importancia de coidar as nosas mans e as uñas; un coidado para o que ademais de numerosos tratamentos tamén nos recomenda algún que outro truco.

- A piques de cumprir un ano, que balance fai de todo este tempo?
- Emma Sanmartín (E.S.): O balance que fago é moi positivo, mellor incluso do esperado. Cando aterrei na tenda viña con medo porque xa me dixeran que os tres primeiros anos son os máis difíciles, que mesmo podía chegar a ter perdas. Pero a verdade, o resumo que fago é moi, moi positivo. Estou moi contenta. Iso si, os comezos non foron doados, menos mal que tiven a axuda dos meus pais que me apoiaron en todo. Se non fose por eles, hoxe non estaría aquí.

- Que servizos ofrece Diva Pro?
- E.S.: Pois dende que abrimos xa ampliamos os nosos servizos. Así por exemplo, ademais de manicuras e pedicuras simples e semipermanentes contamos con uñas de xel; tamén cunha nova técnica que polo que estiven mirando non fai ninguén en Melide e arredores e que é como as uñas de xel pero chámase po de inmersión; tamén facemos *Microblading*, que é unha tatuaxe semipermanente de cellas; o *lifting* permanente e tintura de pestanas; a depilación láser de mans dunha especialista; e continuamos realizando a depilación con fío e os tratamentos de parafina. E todo isto para mulleres e homes, por suposto. Xa en canto á tenda, dispoñemos de champús e tinturas, tratamentos anticaída, todo tipo de pequeno electrodoméstico para o cabelo, e tamén algúns produtos de estética.

- Que tendencias se levan nas uñas?
- E.S.: Non hai unha tendencia específica, pero si que estou a notar que por exemplo o granate ou as cores escuras estiveron saíndo moitísimo ata o de agora. Xa de cara ao verán a xente empeza a pedir cores máis “chamativas”, aínda que moitos esperan a broncearse un pouquiño para combinar cores máis claras. E despois está a manicura francesa, que sempre vai con todo e é unha aposta segura de cara a calquera evento. O que si percibo claramente é que a xente comeza a prepararse de cara ao verán, queren poñerse a punto, porque por exemplo eu xa teño citas para os meses de xullo e agosto.

A manicura semipermanente é un dos servizos máis demandados na tenda de Emma

- Vendo esa previsión, con canto tempo de antelación recomenda pedir cita en Diva Pro?
- E.S.: Depende da temporada. En temporada baixa por exemplo chega con dous ou tres días antes, iso si, canto máis preto da fin de semana, máis complicado é atopar un oco. E despois de cara ao verán case é mellor chamar unha semana antes.

- Que é o que máis lle demandan?
- E.S.: A manicura semipermanente.

- Que vantaxes ten?
- E.S.: Pois por exemplo para a xente que morde as uñas, cunha manicura semipermanente moitos conseguen deixar de mordelas, porque tes unha capa protectora máis endurecida. Tamén é boa para a xente á que se lle debilitan as uñas ou que se lle abren por capas.

- Que coidados requiren as manicuras e os tratamentos de mans?
- E.S.: As mans de por si xa son unha parte do corpo que deberíamos coidar mellor e, por tanto, as uñas tamén. Para lucir unha manicura bonita convén tomar algunhas pequenas precaucións como por exemplo evitar entrar en contacto con produtos químicos así como os cambios bruscos de auga quente a auga fría. Tamén é moi recomendable facer de cando en vez un tratamento de parafina. E despois dun tratamento de parafina para as mans, durante a primeira semana hai que hidratar moitísimo con cremas.

- Algún truco caseiro que nos axude a manter a saúde das nosas uñas?
- E.S.: Para a xente que teña as uñas moi brandas ou que se lle levanten por capas, pode mesturar no esmalte ou no endurecedor un pouco de allo. Mellor é facelo no endurecedor. Cortamos o allo en anaquiños e metémolo dentro. Ou tamén directamente aplicar allo sobre as uñas de xeito regular. Xa sei que ole moi mal, pero o allo é o mellor que hai para as uñas.

> “En Diva Pro xa contamos coa innovadora técnica de po de inmersión para as uñas”

- Por que se nos debilitan as uñas?
- E.S.: Inflúen moitos factores, dende os produtos químicos, o contacto coa auga, o frío, o contraste de temperaturas, a falta dalgunha vitamina, etc. E en moitas ocasións polo feito de non coidalas.

- Que é o mellor e o peor do seu traballo?
- E.S.: O mellor é o trato coa xente. E o peor...que moitas veces non sei diferenciar entre o tempo de traballo e o tempo de lecer, e iso acaba pasándome factura (risas).

- Algunha anécdota?
- E.S.: Moitas, pero unha das máis recentes e curiosas foi que o sorteo que realicei na pasarela Melide Está de Moda tocoulle a unha rapaza que tamén fai a depilación con fío. E grazas a que mo comentou unha clienta, entereime e agora non teño que ir a facela a fóra de Melide, senón que xa a podo facer aquí. Así que en vez de considerala como competencia, comigo gañou unha clienta máis. Son esas casualidades que ten a vida.

Diva Pro
Tlf: 981 93 76 65
Ronda da Coruña, 58

Do 7 ao 21 de Maio

días azuis

DO COMERCIO GALEGO

16.200€

EN PREMIOS

Tarxetas prepago de 300€ e 150€

Participa

1. Merca no comercio galego de proximidade
2. Rexistra a túa compra en **www.diasazuis.com**

Tamén podes solicitar ao comerciante que rexistre a túa compra en **www.diasazuis.com/comercios**, e duplicar as túas opcións de gañar

3. Garda o teu ticket

Sorteo ante notario o 25 de maio de 2018

#díasazuis
@comerciogalicia
Federación Gallega de Comercio

Síguenos en

FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO

XUNTA DE GALICIA

Colaboran

ABANCA Novogal comerciogalicia.es

Campaña Días Azuis do Comercio Galego. Federación Galega de Comercio. Ronda Muralla, 52-Ent. D, 27002-Lugo. CIF: G-27170158. Información a bases da campaña en www.diasazuis.com (Bases depositadas ante notario) ou no teléfono gratuito 900 103 087